


## O CASO DAS FOTOS DO PARQUE

Os alumnos / as terán un mapa do xardín da Cubela, que é o parque que está máis preto do Colexio; podemos velo tódolos días e ten un fácil acceso desde o pavillón para realizar este xogo e o seguinte.

O mapa estará só cos detalles esenciais. Ao lado do mapa aparecerán oito árbores do parque. Terán que sinalar en que lugar ou lugares hai esas árbores ( para iso traballarán previamente buscando na páxina web do centro este mesmo mapa, pero con acceso ás árbores que hai no xardín e tamén facilitando ás súas características principais e ubicación ); ([www.edu.aytolacoruna.es/centros/sfxabier/xardins/cubela.htm](http://www.edu.aytolacoruna.es/centros/sfxabier/xardins/cubela.htm) ).

Cando os teñan localizados irán ao parque e buscarán nesas árbores fotografías de diferentes deportes que haberá gardadas en cartuchos fotográficos ( para cada tipo de árbore haberá unha fotografía, polo que se hai varios árbores da mesma especie a fotografía só estará nun ).

Collerán unha fotografía por cartucho ( haberá varias, unha para cada grupo ) e, cando as teñan todas, escribirán de que deporte se trata.



CEDRO	BIDUEIRO	FALSO ARCIPRESTE	ACIVRO
CERDEIRA	TUIA	ERVEDO	OLIVEIRA

As imaxes que aparecen para relacionar cos deportes que se lles entrega no plano do parque poden ser coma as seguintes:



